

Autora e ilustradora: **KATJA GEHRMANN**
 Tradutores: **EVA PASCUAL** e **CHEMA HERAS**

Encadernado en cartóné
 40 páxinas a toda cor. 22,5x29 cm.
 Dispoñible en:

- Galego: "Cans de ribeira". ISBN 978-84-8464-574-0
- Castelán: "Perros de playa". ISBN 978-84-934713-0-9
- Catalán: "Gossos petaners". ISBN 978-84-934713-2-3

Prezo: 14 €

CANS DE RIBEIRA

Por fin chegara o verán! Era un día de moita calor. Despois de cargar o coche, saímos de viaxe. Ao cabo dun bo rato, paramos a carón da estrada e dixéronme: «Rápido, Manchas! Aí, debaixo da árbore!».

Manchas non sabe que facer. A súa familia abandoouno en vacacións. Atópase completamente só. As experiencias que comeza a vivir descúbrenlle o dura que é a vida na rúa. Un día métese nun barco e comeza para el unha aventura inesquecible. Á fin e ó cabo, Manchas resulta ser un can afortunado...

Este libro cóntanos os avatares dun entrañable amigo de catro patas e a sorte que tivo ao topar casualmente co capitán Manquiña que - lonxe dos tópicos que caracterizan os vellos lobos de mar como xente malhumorada- resulta ser unha persoa sensible, amigable e de bos modais. Non coma outros humanos despiadados e brutos que abandoan as súas mascotas no primeiro recuncho cando eluden actuar coa responsabilidade que se lles supón.


Manchas sentiuse inseguro cando quedou cun ridículo pau na boca, agardando darllo a un dono que de súpeto o deixara só a carón dunha árbore. O pequeno Manchas, coas súas graciosas pintas de cor negra, conseguirá que os lectores sintan por el un agarimo especial, pola inocencia e maila valentía coa que se enfrenta ao descoñecido.

A historia de Manchas é a de calquera mascota que, chegado o verán, se enfrenta á crúa realidade: ter unha familia que realmente lle quere e o considera un máis do fogar ou, pola contra, sufrir a dor do abandono por parte de quen actúa de forma insensata.

Os lectores deste libro aprenderán unha importante lección: os animais teñen sentimentos, os animais non son xoguetes, os animais devólvennos con creces o cariño que lles damos. Con lecturas coma esta que propón FAKTORIA K DE LIBROS contribuiremos a crear unha sociedade concienciada en valores coma os dereitos dos animais, o respecto e o benestar de todos os seres vivos.

KATJA GEHRMANN (1968)

Estudou en Guadalajara (México), Valencia e Hamburgo. Especializouse na ilustración de libros infantís. Impartiu clases de pintura para nenos e traballou para diversas revistas. Por "Cans de ribeira" recibiu en 1995 o Premio Unicef de Libro Ilustrado. En 2001 tamén lle foi concedida a Mazá Dourada da Bienal de Ilustración de Bratislava.



- **Temática:** álbum ilustrado sobre un can abandonado no verán polos seus donos
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aspectos destacables:** texto sinxelo, cercano á realidade dos nenos e do seu contorno máis próximo; ilustracións de trazo solto, suxerentes e facilmente identificables polos lectores
- **Aplicacións:** responsabilidade no coidado das mascotas, respecto para os animais e para o medio ambiente en xeral.